

ANUNCIO

SUMARIO

Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Outes de data 06/08/2024 pola que se aproba modificación do Acordo regulador dos prezos públicos pola prestación de servizos no complexo da Piscina Municipal de Outes.

TEXTO

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 06/08/2024, acordou a aprobación da modificación do Acordo regulador dos prezos públicos pola prestación de servizos no complexo da Piscina Municipal de Outes, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento.

“ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO COMPLEXO DA PISCINA MUNICIPAL DE OUTES.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

Consonte os artigos 41 a 47 e 127 da Lei reguladora de facendas locais (texto refundido aprobado polo Rdl 2/2004, do 5 de marzo -en diante LRFL-), este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos no complexo da piscina municipal de Outes.

ARTIGO 2. CONCEPTO.

O prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os usuarios que de maneira voluntaria soliciten a prestación dos servizos ou a realización de actividades no complexo da piscina municipal.

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGO.

Están obrigados ao pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas (entidades, clubs, federacións, etc.) que soliciten os servizos prestados na piscina.

ARTIGO 4. CONTÍA.

O prezo público esíxese con suxeición ás seguintes tarifas:

1.- PREZOS PÚBLICOS DE ACCESO UNIVERSAL (Piscina + ximnasio + Sauna+ AQUAGYM + GAP)

Abonos_(prezos mensuais):

1. Individual Xeral:	28 €
2. Familiar	



a) Titular	35 €
a) Cónxuxe	5 €
b) Fillo menores de 18 anos	5 €
b) Fillo sen ingresos ata 22 anos (incluídos):	5 €
3. Titular de máis de 65 anos:	20 €
4. Matrimonio de mais de 65 anos:	35 €
5. Persoas con discapacidade > 37,5%	20 €
6. Xove (titular menor de 18 anos):	20 €

No mes de agosto só se aboará unha cota de mantemento de 8€.

Entradas Diarias: Piscina e/ou ximnasio

7. De persoas no aboadas:	
a) Menor de 12 anos (Acompañado de un adulto con bono ou entrada)	3 €
b) Discapacitados >37,5 % e/ou Maiores de 65 anos	3 €
c) Resto	4 €
8. Bono de 10 entradas:	30 €

2.- PREZOS PÚBLICOS DE ACCESO Ó XIMNASIO

Prezo mensual Ximnasio:	20 €
1. Seguimento semanal de Monitor de Sala	10 €
2. Monitor de sala: Posta en marcha, explicación de aparatos e axudas puntuais.	Gratuíto

No mes de Agosto só se aboará unha cota de mantemento de 8€.

3.- CURSOS (prezos mensuais)

• Cursos de seco

a) Curso de 1 día/semana:	10 €
b) Curso de 2 días/semana:	20 €
c) Curso de 3 días/semana	30 €

• Cursos de auga

d) Curso de 1 día/semana:	12,´50 €
e) Curso de 2 días/semana:	25 €
f) Curso de 3 días/semana	37 €

Os usuarios da tarifa de acceso Universal terán dereito a acceder ás instalacións da Piscina, Ximnasio, Sauna, e ós cursos de Aquagym e GAP de maneira gratuíta e terán un desconto dun 50 % no resto de actividades e cursos.

Para os abonos terán sempre preferencia os veciños de Outes antes que o resto de aspirantes.

Para as actividades e cursos a orde de preferencia será

1. Aboados de acceso universal
2. Veciños de Outes
3. Resto de aspirantes



Unha vez completadas as inscrición, todas as persoas usuarias pasan a ter a mesma condición.

4.- Matrículas e outros

1. Prezo por aluguer de canle no Vaso da Piscina (55 minutos, previa autorización do Concello):	60 €
2. Matrícula / Inscrición	12,50
3. Alugueiro de material (aletas, gafas, raquetas, etc, por sesión)	€
	2 €

No caso da matrícula dos cursos de seco e auga, esta non se aboará si xa se fixo na tempada anterior e se aboou toda a actividade.

No caso do Ximnasio e Piscina, poderá solicitarse unha carencia da inscrición da matrícula por un período de máximo 4 meses por motivos excepcionais, que será estudado polo departamento correspondente de forma individualizada.

ARTIGO 5.-OBRIGACIÓN DE PAGO E PRAZOS DE PAGO.

1. A obrigaón de pago xurdirá con carácter xeral cando se inicie a prestación dos servizos correspondentes, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes. Non obstante, cando por causas non imputables ao demandante do servizo este non se chegue a prestar, procederase a devolución do importe efectivamente aboado.

2. Nos prezos regulados nas tarifas de Abonos, a obrigaón de pago nace o primeiro día de cada mes natural, agás no mes no que se solicite a alta que xurdirá o día en que se solicite aquela no servizo correspondente. Os prezos recollidos nestas tarifas non se prorratearán por períodos inferiores ao mes, agás nos supostos en que o servizo non se preste por causas non imputables ao usuario, en cuxo caso prorratearanse en función dos días naturais nos que non se prestara o servizo. O prazo de pago destas tarifas será o propio mes natural no que naza a obrigaón de pago.

3. Os prezos establecidos de Matrícula (Inscrición) e Entradas por días, así como o prezo por aluguer do Vaso, esixiranse en réxime de depósito previo, que se realizará cando se solicite a prestación do servizo e, en todo caso, antes do seu comezo, aboándose mediante auto-liquidación. O ingreso efectuarase nas propias instalacións da piscina mediante tarxeta bancaria ou en casos excepcionais a través de ingreso na conta bancaria do concello coas entidades financeiras colaboradoras.

4. Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

ARTIGO 6.-PROCEDIMENTO DE PREMA.

As débedas por impago dos prezos serán esixibles polo procedemento de constrinximento consonte os artigos 10.1 e 46.3 da LRFL.



ARTIGO 7.-DELEGACIÓNS.

De acordo co artigo 47 da LBRL, o establecemento de novos prezos ou tarifas, así como a modificación das existentes delégase na Xunta de Goberno Local do Concello.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente acordo entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina dixital e no taboleiro de edictos da Corporación e farase efectivo a partir do 1 de setembro de 2024.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

